

2024

ANEXO 9 ROADBOOK NO CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX ASFALTO 2024



FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

1) Os Organizadores terán que facer un Roadbook e este debera estar a disposición dos participantes o día das verificacións. Calquera modificación no percorrido debe ser comunicada a tódolos participantes, mediante todas as canles(Taboleiro, Sportity e no Briefing do Director de Carreira).

1.2 Contido do Roadbook.

1.2.1 Nas comezo do Roadbook deberan estar as seguintes páxinas:

a) Paxina explicativa cos símbolos utilizados.

b) Unha referencia para calibrar o contaquilómetros.

c) Mapa xeral do percorrido ou mapas a menor escala no cal se poidan identificar e diferenciar o treito do enlace.

d) Croques e planos da situación do, Parque pechado ou zona habilitada para comportarse como tal, Asistencia, e controis horarios de presaida, saída e meta. Permítese poñelos croquis e planos na parte superior do percorrido.

1.2.3 O final do libro deberase incluír unha paxina co "SOS" e "OK".

1.3 Normas obrigatorias. O sentido de lectura será de arriba a abaixo. A unión das follas será cunha espiral que permita una apertura de 360 grados e sexa resistente a numerosas manipulacións. Na parte superior de cada páxina se indicará os controis. Cada información será numerada e separada da seguinte por liña horizontal, volvendo a cero a numeración en cada control horario. As informacións moi próximas, é dicir, con distancia inferior a 200 metros non serán separadas entre si. Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina. Autorízase a impresión tanto a cor, como en gris e negro, recomendándose en este último caso imprimir a cor as páxinas que conteñan fotografías e mapas. Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar. En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior. O grosor do trazo indicará a dirección a seguir. Toda información que non poida ser vista dende a estrada deberá aparecer entre paréntese. Para cada control de presaida, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controis. As saídas, chegadas, parque pechado e de traballo deberán estar sinalizadas con latitude e lonxitude. En saída e chegada dos treitos será obrigatorio indicar as coberturas das principais compañías telefónicas. As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre a ruta. Tódolos paneis de cambio de dirección que existan na ruta deberán aparecer coa data sinalando a dirección real. Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados. As indicacións deberán ser lexibles, tendo en conta que van a ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha. Os puntos de radio deberán estar marcados cunha sinal específica. Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto, por exemplo cun recadro ou utilizando unha cor diferente. Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous, tres signos de admiración. As informacións deberán dispor dun espazo libre suficiente para que os participantes poidan incluír os seus propios comentarios.

1.4 Indicar nos treitos de velocidade o tempo record do mesmo de repetirse. Facer figurar os puntos de referencia de forma ben evidente. Sinalar os cambios do piso, por exemplo, de asfalto ou terra ou viceversa, por un dobre trazo na liña vertical central.

1.6 Serán obrigatorios indicar as coordenadas G.P.S en tódolos controis do Rallymix e as das emisoras de radio dos treitos.

1.7 Terá que entregarse en formato de papel podendo ser subido a App Sportity o día da carreira.

1.8 Todos os controis do Rallymix ,deberan ter boa cobertura de móbil.

1.9 O Roadbook deberá ser entregado a F.G.A. 15 días antes da proba para a súa aprobación.

Exemplos de documentos:


Programa horario:



CADRO DE HORARIOS

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
22/09/2023	De 19:30 a 20:30	Verificacións Administrativas Optativas	Oficina Permanente
22/09/2023	De 20:30 a 23:59	Verificacións Técnicas Optativas	
Sábado 23 de Setembro	De 07:00 a 08:30	Verificacións Administrativas	Rua do Convento
	De 08:30 a 10:00	Verificacións Técnicas	
	De 08:30 a 10:00	Recoñecementos. Regulamento Xeral de Rallymix publicado no artigo 10.	Treito
	10:45	Breaifing no parque de traballo	Parque de Traballo situado na Rúa do Convento
	11:00	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída	
	11:30	Hora límite presentación vehículos no parque de presaída.	Parque traballo Rúa do Convento
	11:30	Saída 1º participante pasada	Autobús da FGA
	A Continuación	Saída 1º participante 2ª pasada	
	A Continuación	Saída 1º participante 3ª pasada	
	A Continuación	Saída 1º participante 4ª pasada	Treito cronometrado
Domingo 24 de Setembro	09:00	Saída 1º participante 5ª pasada	
	A Continuación	Publicación de resultados	Autobús da FGA
	A Continuación	Entrega de premios e trofeos	
	A Continuación	Rolda de prensa dos vencedores de cada Agrupación	Local Escudería Cuntis V.T.

O COMITE ORGANIZADOR
Cuntis 31/08/2023




Símbolos a empregar:

LIBRO DE RUTA
SÍMBOLOS EMPREGADOS

	DIRECCIÓN A SEGUIR		MÉDICO
	DIRECCION A NON SEGUIR		BOMBEIROS
	POBOACION		GINDASTRE
	DIRECCION A SEGUIR		AMBULANCIA
	DIRECCION A NO SEGUIR		EXTINTOR
	PONTE		EMISORA
	HITO KILOMÉTRICO		GARDA CIVIL
	CASAS		GASOLIÑEIRA
	SINALES TRÁFICO		CONTROL HORARIO
	SINAL NON VISIBLE		SAIDA PROBA CRONO
	PASAR PÁXINA CON RÁPIDEZ		CHEGADA PROBA CRONO
	MOITA ATENCION		CONTROL STOP

Plano:



[Escriba aquí]



Roadbook:

ROAD BOOK SEGURIDAD		PLAN DE SEGURIDAD				
V RALLY MIX CONCELLO DE PIÑOR		H. S. SABADO 1ª P	11:15	H. S. DOMINGO 1ª P	10:00	
		H. S. SABADO 2ª P	A SEGUIR	H. S. DOMINGO 2ª P	A SEGUIR	
		H. S. SABADO 3ª P	A SEGUIR			
P. KM.	INFORMACION Y MEDIOS					
DISTANCIA TC. 9,50	DIRECCION	VIARIOS	EFFECTIVOS	MEDIOS ACTIVOS	MEDIOS PASIVOS	
0,00 PARCIAL		OU-0404 CONCELLO DE PIÑOR BARRAN → ← SENRA ← CANICES ← CARBALLEDIÑA ← COIRAS	 	 	 4 	
0,00 P. KM.	1 9,50	42°30'36.22"N 8° 0'1.43"O	E 1 S			
0,19 PARCIAL		OU-0404 A LOCAL TERRA !!! CAMBIO A TERRA!!!	 1		 3 	
0,19 P. KM.	2 9,31					
1,00 PARCIAL		TERRA	 1			
0,81 P. KM.	3 8,50	42°30'56.13"N 8° 0'6.75" W	E 2			
1,87 PARCIAL		LOCAL TERRA A OU-0404 	 1			
0,87 P. KM.	4 7,63	42°31'18.7" N 7°59'54.0" W	E 3			
2,52 PARCIAL		OU-0404 SENRA BETAR OSEIRA	 1			
0,65 P. KM.	5 6,98	42°31'4.70"N 7°59'38.59"W	E 4			
	PUNTO MEDICION	CAMINO TIERRA	CTRA. ASFALTO	SENTIDO CIRCULACION	NO SEGUIR	SALIDA-META
						10

Solicitude de Ausentarse dunha manga:



MODELO DE SOLICITUDE PARA RALLYMIX

AATT.: Dirección de Carreira e dos Sres. Comisarios Deportivos da proba _____.

O Concursante (Escudería) _____ con número de licenza _____,
representando ó piloto _____ (Teléfono: _____) con
licenza _____ participante na citada proba, co dorsal número _____.

EXPÓN:

SOLICITA

RECIBIDO AS:

RRPP.:

Nº de Licenza:

En _____, a _____ de _____ de _____

SOS:



OK:



ATK
multisport